



## O FESTIVAL ATLÁNTICA CLAUSURA A SÚA DÉCIMA EDICIÓN CON ACTIVIDADES EN ONCE CONCELLOS

- **A Fortaleza da Rocha Forte de Santiago acolle o espectáculo de clausura con Francisco de Romualdo e o dúo formado por Santi Prego e Jorge de Arcos**
- **O maratón de contos comezará pola mañá co ascenso ao monte Pindo de Carnota na compañía das historias de Avelino González**
- **Tamén haberá funcións en Teo, Mondoñedo, Paderne, Alfoz, Zas, Outes, Cuntis, A Pobra do Caramiñal e Sanxenxo**

**Santiago, 8 de xullo do 2022.-** O Festival Atlántica pon o ramo á súa décima edición este sábado, 9 de xullo, con **trece espectáculos** que se van desenvolver en **once localidades** distintas. Estas actividades son posibles grazas ao financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña e á colaboración dos concellos e entidades que operan como sedes do festival.

No caso de **Santiago**, a actividade vai comezar ás 11 horas co 'Roteiro das desterradas' de **Carme Varela**, a segunda edición que realiza do itinerario narrado a autora da premiada 'As desterradas' e que tamén ten os convites esgotados desde hai semanas. A mediodía, ás 12 horas, a Praza de Cervantes vai acoller o concerto-conto 'As catro estacións de Vivaldi' con **ConcertArt e Sole Felloza**. A xornada rematará co espectáculo oficial de clausura de Atlántica, a partir das 21:30 horas, e consistirá nunha función dobre co narrador non vidente **Francisco de Romualdo** e o dúo formado por **Santi Prego e Jorge de Arcos**. Os cantares de cego do primeiro e os improcontos dos segundos terán lugar nun escenario moi especial da cidade: a Fortaleza da Rocha Forte.

Mentres, en **Teo**, o público está convidado a achegarse ata a área recreativa do Xirimbado, ás 21 horas, para gozar coas historias de **Avelino González** e o seu espectáculo 'No tempo en que as pontes falaban'. Precisamente, Avelino González será tamén o protagonista pola mañá, ás 9:30 horas, dunha das actividades máis singulares desta edición: un ascenso cheo de historias ao Monte Pindo de **Carnota**, considerado o Olimpo Celta.

Atlántica tamén chegará ata **Mondoñedo** con **Caxoto** (20:30 h, Alfar dos Muíños), a **Paderne** con **Cris de Caldas** (20:30 h, Praza de San Xulián de Vigo), ao Castelo de Castrodouro de **Alfoz** con **Rilo & Penadique** (20:30 h) ás Torres do Allo de **Zas** con **Cándido Pazó e Vítor Fernandes** (21:30 h), a Pontenafonso en **Outes** con **Félix Albo** (21:30 h), ao Castro de Castrolandín de **Cuntis** con **Celso Fernández Sanmartín** (21:30 h), á **Pobra do Caramiñal** con **Carolina Rueda** (21:30 h, Adro do Castelo) e a **Sanxenxo** con **Victoria Siedlecki** (22 h, Casa Mariñeira Don Fernando). Toda a información sobre os artistas e mais os espectáculos pódese consultar na web do festival ([festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)).

## Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlantista. O seu obxectivo inicial era indagar nas raíces das historias do océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron difundindo polos camiños do mar. Co paso do tempo este obxectivo ampliouse coa incorporación da rede de festivais do atlántico e a interacción do patrimonio inmaterial das historias co patrimonio material e cultural de Galicia. Na actualidade, Atlántica presenta unha identidade propia e singular que o converte nun referente dentro dos encontros de narración oral da Península Ibérica e de América Latina.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA: <https://cutt.ly/Atlantica2022>

CONTACTO: **Bea Pérez** | 604 070 409 | [prensa@festivalatlantica.gal](mailto:prensa@festivalatlantica.gal)

## FESTIVAL ATLÁNTICA | AXENDA 9 DE XULLO

### SANTIAGO\*

‘Roteiro das desterradas’ Carme Varela (Galicia) | SEGUNDA EDICIÓN | **ESGOTADA**  
11 h | Saída dende a porta da Igrexa de San Paio de Antealtares | Adultos | En galego |  
Inscripción previa na web [festivalatlantica.gal](http://festivalatlantica.gal)

‘As catro estacións de Vivaldi’ Concerto conto de ConcertArt e Sole Felloza  
12 h | Praza de Cervantes | En galego

### CLAUSURA X FESTIVAL ATLÁNTICA

‘Paus de cego’ Francisco de Romualdo (Galicia)  
‘O teatro máis pequeno do mundo’ Santi Prego e Jorge de Arcos (Galicia)  
21.30 h | Fortaleza da Rocha Forte | Adultos | En galego

### TEO\*

‘No tempo en que as pontes falaban’ Avelino González (Galicia)  
21 h | Área recreativa do Xirimbao. Nas inmediacións da Ponte Mariola | Público familiar | En galego

### MONDOÑEDO\*

‘Contos a pé de rúa’ Felipe Díaz ‘Caxoto’ (Galicia)  
20.30 h | Alfar dos Muíños | Público familiar | En galego

### PADERNE\*

‘Fíos da memoria’ Cris de Caldas (Galicia)  
20.30 h | Praza de San Xulián de Vigo | Adultos | En galego

### ALFOZ\*

‘Lavadeiras’ Rilo & Penadique (Galicia)  
20.30 h | Castelo de Castrodouro (Alfoz) | Adultos | En galego

### ZAS\*

‘Un do monte, outro da ría. Historias de mar e terra, de vento, pedras e sal’ Vítor Fernandes (Portugal) e Cándido Pazó (Galicia)  
21.30 h | Torres do Allo | Adultos | En galego

### OUTES\*

'Yayerías' Félix Albo (Mediterráneo)  
21.30 h | Pontenafonso | Adultos | En castelán

#### **CUNTIS\***

'Catro aves escollidas son as que cruzan o mar' Celso F. Sanmartín (Galicia)  
21.30 h | Castro de Castrolandín | Adultos | En galego

#### **A POBRA DO CARAMIÑAL\***

'Contos e sucedidos' Carolina Rueda (Colombia)  
21.30 h | Adro do Castelo | Adultos | En castelán

#### **SANXENXO\***

'Relatos eróticos' Victoria Siedlecki (Arxentina)  
22 h | Casa Mariñeira Don Fernando | Adultos | En castelán

#### **CARNOTA\***

'No tempo en que as pedras falaban' Avelino González (Galicia)  
9:30 h | Espectáculo e roteiro ao Monte Pindo | En galego

\*Programa suxeito a cambios. En caso de choiva, consultar as modificacións na web e/ou redes sociais